

PROGRAMA ERASMUS + FP

BASES CONVOCATORIA ERASMUS + 2025-2026

Proxecto grado básico e grado medio de FP

2025-1-ES01-KA121-VET-000314047

1.- Obxecto

O presente documento ten por obxecto establecer o procedemento para a tramitación de mobilidades de profesorado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de Formación Profesional e demais persoal do dentro do proxecto **2025-1-ES01-KA121-VET-000314047**.

2.- Requisitos das persoas solicitantes

Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Ser persoal docente vinculado a un ciclo formativo de grao básico ou grao medio de Formación Profesional ou a un curso de especialización de Formación Profesional de grao medio, no IES Politécnico de Vigo durante o curso 2025-2026.
- Ser persoal de administración e servizos vinculado o IES Politécnico de Vigo durante o curso 2025-2026.

3.- Actividades admisibles


As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:

- Mobilidades de aprendizaxe por observación-Job Shadowing (2 a 5 días), nas que as persoas participantes pasarán un período de tempo nunha organización de acollida doutro país co obxectivo de aprender novas prácticas e recopilar novas ideas mediante a observación e a interacción con homólogos/as, persoas expertas ou outros/as profesionais no seu traballo diario na organización de acollida. Nesta modalidade hai un total de 17 becas.
- Mobilidades para a realización de cursos e formación (2 a 5 días), nas que as persoas participantes tomarán parte nun curso de formación impartido por profesionais cualificados/as e baseado nalgún dos cinco obxectivos do programa : (1) promover a inclusión social, (2) medio ambiente, (3) transformación dixital, (4) Cidadanía activa da unión europea e (5) mellora das metodoloxías da aprendizaxe e da ensinanza. Os curso deberán estar aprobados po la axencia nacional. Quedan fora desto as actividades totalmente pasivas, como a asistencia a relatorios, discursos ou conferencias masivas que non recibirán apoio económico. Nesta modalidade hai un total de 16 becas.

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



4.- Prazo e execución das mobilidades

A data de finalización das mobilidades financiadas ao abeiro desta convocatoria non poderá ser posterior á data de finalización do proxecto 2025-1-ES01-KA121-VET-000314047, e dicir, ó 31 de Agosto do 2026.

5.- Comité de selección

Equipo directivo do centro e o coordinador do departamento de Proxectos internacionais.

(*) O comité de selección resérvase o dereito de establecer como criterio no caso de ser necesario a prioridade de adxudicar mobilidades a persoal que non fixera ningunha no último curso

6.- Dotación económica

A dotación económica varía en función do país de acollida e da duración da estancia, que será dunha media de 5 días máis ata dous de viaxe.


1.- Cuantía para a viaxe

Calcularase tendo en conta a distancia en liña recta entre o lugar da organización de envío e o lugar da organización de acollida segundo os tramos que se recollen na taboa seguinte:

Distancias	Desplazamiento ecológico – Importe por participante	Desplazamiento no ecológico – Importe por participante
10 - 99 km:	56 EUR	28 EUR
100 - 499 km:	285 EUR	211 EUR
500 - 1 999 km:	417 EUR	309 EUR
2 000 - 2 999 km:	535 EUR	395 EUR
3 000 - 3 999 km:	785 EUR	580 EUR
4 000 - 7 999 km:	1 188 EUR	1 188 EUR
8 000 km o más:	1 735 EUR	1 735 EUR

Para saber a distancia correspondente empregarase a calculadora de distancias Erasmus (<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator>)





2.- Cuantía para o apoio individual

Calcularase en función do grupo de países de destino e do número de días que dure a mobilidade segundo os importes que se recollen na taboa seguinte:

PAÍSES DEL PROGRAMA PARA KA121 Y KA122 Terceros países no asociados al Programa para proyectos KA121 ¹	Personal y acompañantes ²	
	Apoyo individual por día (€)	
	Día 1 – 14 (3)	Día 15 – 365 (4)
Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos y Suecia Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 1	124 €	87 €
Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta y Portugal Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 2	110 €	77 €
Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia y Turquía. Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 3	96 €	67 €


(3) Importes acordados por la Agencia entre el mínimo y máximo para personal y acompañantes entre el primer y 14º día. Se corresponde con el 65% del máximo indicado en la Guía del Programa.

(4) Entre el 15º día de actividad y hasta 12 meses: el 70 % del importe por día por participante especificado en la primera columna (3).

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



¹ **Grupo de países 1:** Japón, Israel, Corea del Sur, Georgia, Argentina, Armenia, Angola, Arabia Saudí, Kuwait, Estados Unidos, Reino Unido, Suiza, Bahréin, Azerbaiyán, Sudán, San Cristóbal y Nieves, San Vicente y las Granadinas, Emiratos Árabes Unidos, Hong Kong, Líbano, Vietnam, México, Taiwán, Moldavia, Malasia, Tanzania, Canadá, Singapur, Australia, Tailandia, Islas Feroe.


Grupo de países 2: India, Kazajistán, Brasil, República Democrática del Congo, Chile, Nigeria, Uganda, Liberia, Yibuti, República Popular Democrática de Corea, Uzbekistán, Turkmenistán, República Dominicana, Jamaica, Bielorrusia, Libia, Siria, Cuba, Yemen, Kenia, Ruanda, Seychelles, Antigua y Barbuda, Brunéi, Montenegro, Malawi, Barbados, Santa Lucía, Granada, Dominica, Uruguay, Albania, China, Filipinas, Perú, Venezuela, Panamá, Ghana, Chad, Guyana, Egipto, Marruecos, Kiribati, Omán, Bosnia y Herzegovina, Irán, Mozambique, Senegal, Mauricio, Qatar, Andorra, Jordania, Indonesia, Laos, Sudáfrica, Etiopía, Bangladés, Ecuador, Paraguay, Costa Rica, Costa de Marfil, Sierra Leona, Gabón, Haití, Bahamas, Papúa Nueva Guinea, Micronesia, Ucrania, Kirguistán, Rusia, Mónaco, San Marino, Palestina, Estado de la Ciudad del Vaticano.

Grupo de países 3: Nepal, Maldivas, Tayikistán, Nicaragua, Zambia, Guinea, Congo, Botsuana, Belice, Samoa, Islas Marshall, Palaos, Tuvalu, Nauru, Islas Cook, Niue, Nueva Zelanda, Pakistán, Bután, El Salvador, Surinam, Guatemala, Honduras, Somalia, Trinidad y Tobago, Argelia, Colombia, Gambia, Fiyi, Islas Salomón, Vanuatu, Camboya, Zimbabue, Burundi, Mongolia, Camerún, Timor Oriental, Sri Lanka, Madagascar, Mali, Togo, Santo Tomé y Príncipe, Tonga, Bolivia, Benín, Lesoto, Macao, Túnez, Irak, Burkina Faso, Guinea Ecuatorial, República Centroafricana, Guinea-Bisáu, Namibia, Comoras, Eritrea, Myanmar/Birmania, Afganistán, Níger, Mauritania, Cabo Verde, Kosovo, Esuatini, Sudán del Sur.

3.- Taxas e cursos

O persoal que participe en mobilidades para a realización de cursos e formación recibirá 80 € por cada día de curso ata un máximo de 400 €.





7.- Criterios de selección

Resérvanse o 10 % das becas do total para o profesorado e persoal con un grado de minusvalía igual ou superior o 33%. En caso de non haber candidatos desta modalidade estas becas entrarán a repartirse no grupo común.

O profesorado pode presentar solicitudes por separado a todas as convocatorias ofertadas por o IES Politécnico de Vigo en base os distintos proxectos. No caso de ser seleccionado en mías dunha deberá renunciar a unha delas se o número total de becas fora insuficiente para o resto dos candidatos.

	0.25 PUNTOS	1 PUNTOS	2 PUNTOS
1.- Antigüedad no centro		Entre 1 y 5 anos	Más de 5 anos
2.-Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida		B1	B2 ou superior
3.-Implicación en programas internacionais ou actividades realizadas en Europa e que impliquen un traballo adicional	Por cada colaboración		
4.- Outros méritos	Participación en grupos de traballo Coordinación e dinamización Participación en programas educativos Pertenza a equipos directivos (*1)		
5.-Ter unha empresa ou institución de acollida que se comprometa á recepción do participante na súa mobilidade anterior a data da mesma.			Compromiso por escrito do responsable ou futuro titor na empresa de acollida.
6.- Elaboración dun pequeno INFORME dos OBXECTIVOS que busca na mobilidade e a súa DIFUSIÓN POSTERIOR.			Informe

(*1)

Participación en programas educativos → Organizados po la dirección Xeral de FP (máximo 2 puntos), 0.25 puntos por ano: Proxecto innova, aula de emprendemento, participación en Skills,etc

Participación en grupos de traballo → Organizados por a consellería de educación (máximo 2 puntos), 0.25 puntos por cada grupo de traballo.


Coordinación e dinamización →(máximo 2 puntos), 0.25 puntos por ano : Abalar, TICs, Biblioteca, proxectos internacionais, etc.

Pertenza a equipos directivos →(máximo 2 puntos), 0.25 puntos por ano de pertencia ao mesmo.

No caso de igual puntuación, terán preferencia na concesión das bolsas aquel solicitante que non teñan sido beneficiarios nos últimos tres anos. A puntuación e selección publicárase na web do centro.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



8.- Presentación de solicitudes

1. O profesorado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a solicitude normalizada (Anexo I), xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, nos prazos que o centro estableza.
2. O profesorado e demais persoal do IES Politécnico de Vigo, so poderán presentar solicitudes dunha soa mobilidade por convocatoria (Job Shadowing ou curso).
3. O formulario de solicitude encóntrase na páxina web do IES Politécnico de Vigo ou na aula virtual do coordinador. Unha vez cuberto deixarase en secretaría á atención do departamento de Proxectos Internacionais, nunha carpeta habilitada para tal efecto na aula virtual do coordinador (un único arquivo comprimido con toda a documentación) ou por rexistro electrónico. O prazo máximo de presentación de solicitudes é ata o 20 de Outubro de 2025 (ese día incluído)

9.- Tramitación do procedemento

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión avaliadora deberá valorar as solicitudes presentadas de acordo aos criterios que figuran no punto 7.
2. A comisión avaliadora fará unha acta provisional (Anexo II) na que se indicarán as persoas seleccionadas xunto coa puntuación obtida por cada persoa solicitante. Indicaranse tamén as persoas excluídas xunto coa causa da exclusión.
3. Esta acta provisional, asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios unha vez reunida a a comisión avaliadora.
4. As persoas interesadas disporán dun prazo de 5 días naturais, contados desde o día seguinte da publicación da acta provisional, para a presentación de reclamacións.
5. Rematado o prazo de reclamacións, a comisión avaliadora resolverá e elaborará unha acta definitiva (Anexo III) de persoas seleccionadas e excluídas, con indicación das puntuacións obtidas, e asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, que fará pública no taboleiro de anuncios.


10.- Adxudicación das mobilidades

1. Á vista das solicitudes presentadas e do crédito dispoñible, a comisión avaliadora do IES Politécnico de Vigo elaborará a correspondente proposta de adxudicación das mobilidades que será comunicada os participantes.
2. Se o número de solicitudes fose superior o número de becas, estas otorgaríanse por orde de puntuación ata esgotar as mesmas pasando o resto de persoas a lista de reserva.

11.- Renuncias

1. No caso de que por motivos xustificadas a persoa participante non poida facer a mobilidade concedida, deberá presentar un escrito de renuncia (Anexo IV).
2. No caso de que o importe xa fose transferido á persoa participante, esta deberá reintegralo






12.- Formalización das mobilidades

1. As persoas participantes nas mobilidades asinarán o convenio Erasmus+ deste proxecto (Anexo VIII), que regulará as condicións de participación e desenvolvemento das mobilidades. Para esta finalidade, o coordinador porase en contacto con cada participante para asesoralo.
2. No caso de mobilidades de aprendizaxe por observación ou curso de formación, a persoa participante, a organización de envío (IES Politécnico de Vigo) e a organización de acollida asinarán un acordo de aprendizaxe (Anexo IX) con anterioridade ao inicio da mobilidade.
3. Este acordo deberá ser consensuado entre a organización de envío e a de acollida, e deberá recoller as condicións nas que se levará a cabo a actividade de mobilidade e os resultados de aprendizaxe previstos.

13.- Pagamento dos importes os becos

1. O importe de cada mobilidade farase efectivo mediante unha transferencia bancaria nun único pagamento ao número de conta do becado, a través da conta bancaria indicada para tal efecto no certificado de titularidade bancaria aportado.
2. Este pagamento, dun 100% do importe total, realizarase antes do inicio da mobilidade, unha vez asinado o convenio Erasmus+ (Anexo VIII).
3. Para que o becado non teña que devolver a beca, será necesario que:
 - O coordinador dispoña do acordo de aprendizaxe asinado por todas as partes (Anexo IX), no caso de mobilidades de aprendizaxe por observación.
 - O coordinador dispoña do certificado de realización do curso, no que conste data de inicio e fin, número de horas, programa e asinado polo provedor do mesmo, no caso de mobilidades para realización de cursos e formación.
 - O coordinador dispoña do complemento ao acordo de aprendizaxe (Anexo X) asinado pola persoa participante, o centro educativo e a organización de acollida ou provedor do curso.
 - A persoa participante cubra e envíe en liña o cuestionario UE (EU Survey) nos 30 días posteriores ao remate da mobilidade de acordo co establecido no Programa Erasmus+ que lle chegará a través dun correo electrónico con un enlace para poder cubri-lo online.
 - No caso de viaxe ecolóxica, o coordinador deberá dispoñer da declaración xurada asinada pola persoa participante na que se indique o medio de transporte empregado tanto na ida como na volta e as datas de realización da viaxe (Anexo XI). O coordinador deberá dispoñer ademais dos xustificantes, se os houberse, da viaxe realizada (billetes de tren, autobús, etc.).
 - A persoa participante deberá entregar evidencias da súa mobilidade recollidas nun informe que deberá elaborar a volta con varias fotografías e relatos no seu centro de acollida (**A non entrega do mesmo fai que quede excluído para vindeiras convocatorias**).
4. Dita documentación poderá ser solicitada no **caso de revisión documental ou auditoría** solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.





5. No caso de que o cómputo de días da mobilidade declarado no complemento ao acordo de aprendizaxe fose inferior ao declarado no convenio de subvención, solicitarase a devolución da parte proporcional do primeiro pagamento

14 Obrigas documentais dos centros educativos e persoas participantes

O coordinador do centro educativo ten a obriga de gardar as probas documentais sobre o proceso de selección, que poderán ser solicitadas no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente

As persoas participantes están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida polo SEPIE ou outro organismo competente.

15 Obrigas dos becados

O profesorado e demais persoal do centro que resulte seleccionado comprométese a completar a estadía no estranxeiro na súa totalidade. No caso de non finalizala (a excepción de causas de forza maior e debidamente xustificadas) deberá devolver a axuda recibida.

O profesorado e demais persoal do centro seleccionado deberá participar activamente en todo o proceso necesario para a consecución da realización da estadía: establecemento de contactos co socio no estranxeiro, elaboración do programa de traballo, obtención dos certificados correspondentes, etc.

O profesorado que participe en mobilidades saíntes comprométese:

- ✓ A participar nas mobilidades entrantes tanto de alumnos coma de profesores independentemente da súa familia profesional: recepción de persoal, colaborar na formación do profesorado entrante tanto na modalidade de job-shadowing como de docencia, etc.
- ✓ Ademais tratará na súa estadía de consolidar e amplia-la rede de socios.
- ✓ Deberá publicar na web do centro evidencias da suá mobilidade con fotografías e/ou vídeos sobre a mesma.
- ✓ O material e/ou destrezas adquiridas, deberanse pór á disposición do departamento correspondente e resto de profesorado.

O profesorado do centro que resulte seleccionado comprométese a deixar as tarefas correspondentes as clases dos seus alumnos documentadas na aula virtual durante a súa ausencia para que os alumnos podan seguir traballando e avanzando nas súas asignaturas.

Non se poderán ir máis de tres profesores do mesmo departamento á mesma mobilidade.

(Se fose o caso, non deberán impartir docencia no mesmo curso)


16 Datos de carácter persoal

De acordo co establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, do 15 de xuño, as persoas participantes quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 5/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Anexo I

FORMULARIO DE SOLICITUDE Convocatoria 2025-2026

Primer apelido _____ Nome _____	Segundo apelido _____ D.N.I.ou Pasaporte _____
Domicilio para notificaciones: _____	
Nº _____ Piso _____ Letra _____	Código Postal _____
Poboación _____ Provincia: _____	País: _____ Teléfono _____
Correo electrónico _____	

IMPARTO DOCENCIA EN:

FPB ☐

CM ☐

CS ☐

TIPO DE MOBILIDADE SOLICITADA	
☐ MOBILIDADE DE APRENDIZAXE POR OBSERVACIÓN (2 A 5 DÍAS)	☐ MOBILIDADE PARA CURSOS E FORMACIÓN (2 A 5 DÍAS)
PAÍS DE DESTINO:	CIDADE DE DESTINO:

1 ANTIGÜEDAD NO CENTRO (máximo 2 puntos)


a) Máis de 5 anos	☐
b) Entre 1 y 5 anos	☐

2 COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS (máximo 2 puntos)

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



Teño competencia lingüística en

de :

- a) B1 ☐
- b) B2 ☐
- c) C1 ☐

3 Implicación en programas internacionales o actividades realizadas en Europa y que impliquen un TRABAJO ADICIONAL (máximo 2 puntos)

Teño participado en:

- a) Acompañamento de persoal proveniente de outras institucións o IES Politécnico de Vigo (alumnos, profesores, etc) ☐
(describe brevemente)
-
-
-
- b) Acompañamento a alumnos que realizan a FCT ou prácticas en outro país ☐
(describe brevemente)
-
-
-
- c) Búsqueda de empresas en países da unión europea ou terceiros países non asociados para a realización de prácticas de alumnos do IES Politécnico de Vigo ☐
- d) ☐
(describe brevemente)
-
-
-


4 OUTROS MÉRITOS (máximo 2 puntos)

-
-

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



-
-
-
-
-

5 TEÑO EMPRESA O INSTITUCIÓN DE ACOLLIDA QUE SE COMPROMETA A MIÑA RECEPCIÓN (
máximo 2 puntos)

a) SI ☐ NON ☐

Nomre, responsable e compromiso por escrito da miña futura mobilidade :

6 INFORME (*máximo 2 puntos*)

a) Adxunto informe SI ☐ NON ☐

7 RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE APORTO


-
-
-
-
-
-
-

FIRMA

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



IES POLITECNICO de VIGO

Torrecedeira 88 tlf 986 213025 36208 Vigo

ies.politecnico.vigo@edu.xunta.es

www.politecnico.info



Erasmus+

Localidade _____

Data _____

Destinatario: Coordinador Erasmus+ IES Politécnico de Vigo

Forma de presentación: Por e-mail: internacional.ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal con acuse de recibo, Aula virtual do coordinado ou por registro do centro.

Información básica sobre protección dos datos persoais aportados	
Responsable:	IES POLITÉCNICO DE VIGO
Legitimación:	O IES Politécnico de Vigo, está legitimado para o tratamento dos teus datos, sendo de aplicación a base xurídica prevista no art. 6.1 do Regulamento Xeneral de Protección de Datos que corresponda en función da finalidade pretendida coa solicitude.
Finalidad:	Xestionar a sá solicitude.
Destinatarios:	Non se prevén comunicacións de datos, salvo que sexa necesario para xestionar a súa solicitude.
Derechos:	Ten dereito a solicitar o acceso, oposición, rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos seus datos, tal e como se explica na información adicional.
Información adicional:	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos, en función do tipo de tratamento, na UGR no seguinte enlace: https://secretariageneral.ugr.es/pages/proteccion_datos/clusulas-informativas-sobre-proteccion-de-datos

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea